

Vinyes de Savall, un escenario de cambios

Conferencia de Isidre Grau.

Encontre d'escriptors gallecs, bascos i catalans GALEUSCA.

Ourense, del 30 d'octubre a l'1 de novembre del 2004

Vinyes de Savall, un escenario de cambios

Cando eu era pequeno, en tódalas casas había a tradición do presebe de Nadal. A principios de decembro escollía o mellor recuncho de casa e buscaba a mesa axeitada. Púñalle unhas saias, de tela ou de papel. E na parede, pegaba unha cartolina de cor azul mariño, con todo o firmamento debuxado. Xa abundaba, todo estaba a punto para que, enriba da superficie dunha madeira, repetise un ano máis a historia do nacemento de Xesús.

Non importaba que o espacio fose limitado – nunca pasei do metro cadrado -, nin me importaba que os camiños, as montañas e os ríos acabasen bruscamente, ó borde do precipicio. Tampouco lle daba importancia a que as figuras fosen as de cada ano, salvando algunha nova adquisición; nin que o

material de traballo se reducise a papel de periódico, á prata do chocolate, catro puñadas de area e o musgo que todo o recubría. Podía montar unha nova paisaxe, organizar outro despregue de personaxes e experimentar formas arriscadas de facer voar o anxo por riba da cova.

Naquela época, tamén había o costume dos dioramas, que xa non era cousa dos pequenos, senón de pacientes artesáns. Per había un día das Festas no que eu ía ver a exposición. Era unha sala escura e había que camiñar ás apalpadelas, guiado tan só pola luz dos pequenos escenarios, unha premonición dos futuros televisores. Cando me achegaba a cada fiestra, descubría nela unha pequena historia, unha ampliación magnificada dos detalles do meu presebe doméstico. Unhas escenas me remitían ó teatro dos famosos Pastorets ou, se o artesán se lucira moito, á maxia do cine bíblico.

A porción de historia era moi escasa, nin creo que fose moi decisiva para notar aquela emoción estética, froito da habilidade do artista por saber transmitir sensación de verdade. O meu traballo era forzar a vista dende tódolos ángulos posibles; incluso polas fendas de atrás, alí onde non había que ir a mirar. Perfecto. Nunca necesitei que en aquelas minúsculas caixas houbera máis do que había; tan só necesitaba comprobar os elementos e topar cos seus límites para gozar daquel anaco de vida.

A maxia dos presebes e os dioramas volvéronme á memoria non hai moito, cando fun ver a película “Dogville”, do danés Lars von Trier, o apóstolo do Dogma. O defensor da naturalidade, a iluminación diúrna e a cámara espontánea sáltase os propios mandamentos para ambientar un novo drama nunha vila insinuado enriba dun presebe rectangular, envolto de negra noite. As rúas e as paredes das casas son unhas liñas pintadas no chan, pero os personaxes compórtanse coma se estivesen baixo cuberto. A historia avanza, brutal, sen que o minimalismo do plató rebaixe a intensidade dunha traxedia con connotacións clásicas.

Estas referencias volvéronme á imaxinación cando buscaba o xeito de introducir o meu espacio literario, a vila que chamo Vinyes de Savall. Entón decateime de que foi nun momento concreto, no que eu tamén optei por organizar un escenario apto para convocar historias. Foi a principios dos oitenta, cando xa me entrenara con dúas novelas ambientadas en espacios reais, e de súpeto fíxenme a pregunta: ¿que podo facer cunha ferramenta tan formidable como a literatura?

O modelo de inspiración

O 1982 dábase por superada a Transición política. Acabaran as primeiras euforias que levaran a xente á rúa, con toda clase de reivindicacións. Era hora de facer funcionar a democracia posible, inda que fose asumindo unha certa desilusión— a palabra que de súpeto se puxo de moda. E neste clima anímico, lembro que din unha ollada ó meu redor, nun xeito de *travelling* cara as cousas que eran ou parecían ser. E tamén, cara as cousas perdidas ou en vías de extinción.

O meu entorno inmediato tiña, e ten, un nome concreto: Cerdanyola del Vallès. Unha poboación situada a dezaioito quilómetros do centro de Barcelona, cun censo estable de catro mil habitantes nos anos corenta, e que agora xa chega ós sesenta mil. Unha poboación de predominio rural, cun modesto sector comercial, que dende principios do século XX se vira escollida pola burguesía barcelonina para convertela na plácida estación veraneo. Tratábase de aproveitar a dispersión dun termo que coa aglutinación do século anterior deixara moitos espacios baleiros, aptos para encaixar espléndidas torres e agradables paseos con árbores.

A vila que eu coñecín con uso de razón respondía a esta mestura de labregos, comerciantes e veraneantes. Entre as colleitas e as idas e vidas dos señores, o paso das estacións quedaba ben marcado. Claro que tamén había outras marcas, como os ecos dunha guerra innomeada, que un mal

vento levara da memoria da xente e había que adiviñalo entre silencios. Ata que a paisaxe inmóbil da posguerra deu paso ós tímidos movementos dos anos cincuenta, cando co espertar da economía os industriais atoparon nela un espacio idóneo para instalar as fábricas que tiñan que sacar á xente da miseria, tanto a dos labregos que malvivían dunhas colleitas sempre precarias como a de tanta xente xurdida de infinidade de vilas da península que chegaban para traballar nas fábricas e habitar os primeiros bloques de pisos que romperían a horizontalidade da paisaxe.

Industrialización e especulación inmobiliaria foron da man durante os anos sesenta e boa parte dos setenta, ata que a crise do petróleo marcou o primeiro toque de alerta e baixo as consignas de austeridade o parque industrial foi pechando as ás, preparándose para novas migracións, mentres a xente se reciclaba para converterse en poboación de servizos.

Nace o espacio imaxinario

Así, a miña antiga vila, hoxe cidade, non parou de transformarse, sempre no camiño que vai da identidade ó anonimato; da calma á axitación. Un espacio de cambios que o interpelan a un. ¿Que podo facer cunha ferramenta tan formidable como a literatura? Podería ter escrito novela negra, comedias satíricas ou unha crónica social fidedigna. Pero a resposta foi a concepción dun novo espacio, dun presebe tan amplo e tan limitado como me dictaba a imaxinación.

E o espacio adquiriu unha configuración e un nome: Vinyes de Savall. Foi a forza de horas de camiñar polos lugares, cada día menos recoñecibles. Foi gracias ó estado de apertura que che fai cambiar a visión das cousas asimiladas, porque nelas adiviñas dimensións desapercibidas. E das visións puntuais pasas a unha cartografía completa, a definición dun espacio que nunca será como cho amosan os ollos de fóra. Un espacio que só se alimentará de palabras. Un espacio que irá crescendo ollando dentro de ti que

escribes, nun inesgotable xogo de coincidencias e distancias respecto ó modelo orixinal.

Máis de vinte anos despois, o resultado é un lugar coas coordenadas esenciais ben definidas, pero cuns baleiros físicos que farían difícil a preparación dunha guía turística. Non pasa nada, o único que importa é dispor dun escenario dende o que contemplar os cambios sociais e humanos do noso tempo. Un escenario, e un grupo de personaxes, totalmente inventados, xurdidos da íntima comunión con tantas persoas de carne e óso que vin pasar ou crecer cerca de min, sen ter que ser fiel á súa biografía. Porque, a diferenza do ensaísta, ó novelista non lle cómpre supeditarse á realidade verificable.

O novelista remove a realidade mediante outros procedementos. Unha simple mirada humana é capaz de detectar os cambios, pero a mirada literaria é a que indaga máis dentro das súas motivacións e consecuencias. Sen dúbida, toda transformación comporta máis alteracións das que nos permite apreciar a vida cotiá. Cando as bases sociais, económicas e políticas non teñen nada que ver coas de uns anos atrás, significa que algo cambiou na convivencia dos cidadáns, máis aló da percepción diaria.

Se unha das funcións da literatura é poñer en evidencia as entrañas dos cambios, o ano oitenta e dous eu sentíame diante dun material extraordinario. Para acabarme de convencer só precisaba percorrer os lugares de antes cos lentes que lle proporciona a un a literatura e que lle traducen a xeografía corrente a unha inédita. Daquel paseo indiscriminado, tirei moitas imaxes que derivarían en ficcións, pero hainas que as retiven de forma emblemática: a de dous antigos falanxistas que pasean con bastón e que paran a conversar no medio dunha paisaxe de campos ermos, a medio urbanizar. ¿De que falaban? Nunca o souben, por suposto, pero eu cargueinos dunha forte nostalgia, con doses de rabia, polas moitas cousas escapadas das mans, mentres eles se me convertían no cebo de moitas historias e dentro de min os versos de Miquel Martí i Pol cobraban novas significacións:

*Sempre l'home retorna als orígens i arrenca
del fosc del pensament l'arrel de la desfeta
i emprèn, tossut i astut, la percaça d'allò
que no li és donat pel foc i per l'angoixa.*
Sempre o home retorna ás orixes e arrinca
da escuridade do pensamento a raíz da desfeita
e emprende, testán e astuto, a procura daquilo
que non lle é dado polo fogo e a angustia.

Nacen as historias

Así, o peso das historias non o vivimos directamente, pero que están condicionando o noso presente, foi o punto de partida de *Vent de memòria*, a primeira novela coa que exploraría o mapa de Vinyes de Savall. Era unha historia de vellos enfrontamentos entre amos e labregos, de antes da guerra, que de súpeto revive entre un home e unha muller que sufriron as consecuencias invisibles. O argumento arrinca do reencontro casual entre o exiliado político que acaba de ter un accidente de coche na autopista e a filla do cacique local, separada e en momentos de crise; ámbolos dous cunhas vellas hostilidades de xuventude pouco claras. El terá que decatarse de que foi parar á súa antiga vila por pequenos indicios nunha paisaxe totalmente desfigurada. E o clima tórrido dun verán de incendios nos bosques de Vinyes facilitará que os dous vaian ó fondo do misterio, ata esclarecer un crime encuberto durante a guerra civil e que, sen sabelo, lles afecta. Sen embargo, teño que recoñecer que a intriga dramática era só o pretexto para formular aquela vella loita entre Eros e Tánatos e reflexionar sobre o peso das raíces familiares no mundo cambiante de hoxe.

Despois desta primeira incursión en Vinyes de Savall, as súas posibilidades parecíanme máis grandes que antes e situei alí outros argumentos. Ou se cadran eran as miñas ganas de continuar investigando un territorio que me abría novas fiestras á literatura, unha escusa para poñer a proba as relacións entre presente e pasado.

Por este camiño aparecer a figura de Pau Benavent, fillo de terratenentes, que ós vinte anos quere ser pintor, foxe a París e introdúcese na bohemia do ano trinta, ata que é obrigado a ser prudente, volver a casa, facer de avogado e apuntarse a unha vida familiar que virá condicionada pola guerra civil. O matrimonio deste avogado soso, e un pouco tolo, cunha antiga criada andaluza que non será casual, senón un reflexo da diversidade do século, cando coexisten, en Vinyes de Savall e por todo o país, todo tipo de opcións vitais. Este é o inicio de *Els colors de l'aigua*, pedra angular do ciclo literario que se completará con catro novelas máis, centradas nos estilos de vida dos fillos Benavent Frías. O conxunto non se limitará a presentar unha sociedade endogámica, recluída no presebe de Vinyes, senón que mostrará cómo a súa xente se implica con outras realidades, sociais e xeográficas.

A novela segue linealmente a evolución da familia, formalizada co casamento do abril do trinta e nove, e que se completa con catro fillas e un fillo. Pau, fiel á condición de avogado e co pensamento na pintura, favorecerá os procesos de cambio no seo da familia, mentres que a súa muller Lola procurará ser factor de estabilidade dentro do fráxil equilibrio. Cada un dos fillos asumirá unha actitude diferente á hora de facerse un lugar no mundo. Entre tanto, o texto avanza a galope de cabalo, en diversos frontes argumentais, revisando aspectos como o impacto da inmigración andaluza en Cataluña; a fin da vida rural; o proceso de crecemento industrial ata os inicios da súa decadencia; o mundo da arte, co contrapunto de Dalí, como artista que si que exerceu. E incluso o mundo do cine, coa fugaz aparición de Ava Gardner.

Completar un ciclo

As outras novelas do ciclo están pensadas dende unha estratexia moi distinta, xa que pretenden centrarse e afondar na personalidade e no contexto de cada un dos fillos. Son novelas de máis metabolismo interior e, á vez, cunha maior presenza do mundo fóra do microcosmos de Vinyes de Savall.

Así, *La nit vermella* (1989) ocúpase de Carolina, a segunda filla do matrimonio, a que asome con máis naturalidade a condición burguesa e casa cun directivo da fábrica de electrodomésticos crecida ó pe de Can Benavent. O desencadeante da acción é unha noite de San Xoán, cando un grupo de amigos pasan a festa nunha casa no medio do bosque e hai un intento de asasinato que delatará as tensións latentes entre eles. A novela aposta por analizar os mecanismos que moven as relacións humanas e as tensións nun grupo de vellos amigos atrapados polos convencionalismos da burguesía e o entramado económico.

Pero as xeografías imaxinarias tamén saturan o autor que as crea e poden converterse nunha hipoteca difícil de manter. Se cadra para distanciarme dun mundo que eu mesmo creara con absoluta liberdade, tiven a necesidade dar longas vacacións ós Benavent. Entretranto – con iso acababa de xustificarme a excedencia – eles adicariáanse a vivir todo o que precisasen durante o resto do século XX e eu podería reatopalos cargados de novas experiencias. E eu desintoxicaríame con outros temas, con outras xeografías máis ou menos reais.

Mediante este procedemento, a finais dos noventa recuperei a Maridol Benaven, a filla maior, de carácter seco e pouco convencional, cando xa consolidara a súa carreira teatral, despois de que en 1985 – cando acaba *Els colors de l'aigua* – recibe a oferta dun vello amigo que é director de teatro. En *El balancí negre*, ela xa está totalmente retirada da escena e recluída nunha masía do Empordà, cando unha tentadora oferta de retorno ó teatro lle cuestiona a súa relación persoal co amigo, xa defunto, a propiedade sobre a creación artística e un xeito de vivir en eterno equilibrio entre o desexo e a espera.

Entretanto, chegara o século XXI e pola miña parte decidira ocuparme das peripecias dos Benavent só ata o ano 2000. Era, pois, o momento de achegarme a Marina, a cuarta filla, de carácter pacífico, moi ben conectada coas investigacións alternativas, baseadas na espiritualidade de Oriente. *Groc*

d'Índia, de inmediata aparición, sitúa a acción entre o último día do 1999 e o primeiro de 2000, cando a muller viaxa a Vinyes de Savall a unha masía do Solsonès para asistir ó enterro do que fora o seu compañeiro durante 18 anos e con quen compartira un piso comunitario, un proxecto cooperativo rural, unha viaxe decisiva á India e o intento dunha nova estabilidade a Vinyes de Savall, onde ela crea un centro de ioga. Ata que o 1989 a parella se separa, xusto “cando tantos muros e réximes caían na vella Europa”. A novela presenta unha trama intimista que ten que permitir que a protagonista liquide vellas contas cunha xente que fixera bandeira da sinceridade, pero que se agochaba cartas na manga.

Nestes momentos o ciclo da saga Benavent aínda está pendente de pechar. Ou máis ben dito, estouno pechando cunha última novela, que se titulará *El punt blanc de l'horitzó* e amosará cómo viviron Berta – a filla terceira – e Àngel – o cuarto fillo e único neno. Ela é a activista sindical dos anos sesenta que tivo que fuxir para esquivar a prisión e que coa instauración da democracia refixo a súa vida en Madrid, como avogada e parlamentaria. El, dunha xeración que cre máis na imaxe ca na palabra, creceu como un atento espectador dos cambios e dedicouse á fotografía, para acabar especializándose como reporteiro de conflitos bélicos. A novela iníciase a primavera do 2000, cando Àngel cae vítima dunha mina antipersona en Kosovo e a irmá Berta, acompañada de Daniel, o fillo que ela abandonou de pequeno, vai a Pristina para encargarse del. A confrontación dos mundos dos dous irmáns irá acompañada doutro dilema neurálxico: qué ten que facer Daniel con Can Benavent, a casa que lle correspondeu por herdanza e da cal é o único habitante actual.

Espellos da condición humana

Este é o abano de historias que quedarán asociadas a Vinyes de Savall, un espacio que intuín hai 22 anos e que decidín converter no meu presebe

particular para situar nel unhas cantas dogvilles. Agora, cando penso naqueles paseos pola Cerdanyola do ano oitenta e dous, non acabo de crerme que o embrión de Vinyes puidese conter tantas historias. Pero, entre outras capacidades, a literatura é unha inmensa boneca rusa.

Agora ben, máis aló de tantas peripecias dramáticas, poderíase preguntarse: ¿por que falar de Vinyes, e non de Cerdanyola? Entón tería que responder que nunca pretendín facer unha crónica costumista nin de carácter histórico. Nin sequera contar a historia de ninguén en concreto. Engadome máis o sentido da historia colectiva, o po do noso tempo. Non me interesou tanto a anécdota puntual como o seu poder de converterse en categoría universal, cando os feitos narrativos provocan identificacións tanto nos que viviron nunhas coordenadas semellantes como nos de outras latitudes. Para min, este é o gran privilexio da literatura, que ten licencia para crear lugares imaxinarios, só coa condición de que o autor saiba tirarlle bo rendemento.

Por descontado, non se trata de ningún invento persoal. Só procurei aplicalo libremente e coa intención de reflectir nel un panorama de cambios. Ó final de todo, haberá un ciclo novelístico que abrangue máis de vinte anos de traballo, coas lóxicas variacións da perspectiva narrativa e de visión humana por parte do autor. Con todo, as seis novelas que se ocuparán de Vinyes de Savall terán os ingredientes indispensables de toda ficción: Tempo, Espacio e Persoa. Se á parte de servir de espello ós compañeiros de xeración, os seus argumentos conseguen interesar a xente doutras latitudes, terei conseguido o que buscamos todos os que escribimos: facer pensar sobre a condición humana.